



DON ALEJANDRO, CURA DE FRIÓNS

O CULTO Á MORTE. A MULLER COMO EIXO DO CULTO AOS DEFUNTOS

NOME DO DOCUMENTO: MPG_GaRo_0008_001_en_0_00_06_D
AUDIO DE REFERENCIA: MPG_GaRo_0008_001_en_0_00_06.mp3

TIPO DE DOCUMENTO: Entrevista. Relato
MATERIAL DISPONÍBLE: Audio mp3 e ficha de contexto e transcripción
DURACIÓN: 0:12:55

DATOS DA RECOLLIDA

- **DATA DA RECOLLIDA:** 24 de xullo de 1998
- **LOCALIZACIÓN:**
 - Lugar/ aldea/ barrio:** Capela de Frións
 - Parroquia:** Carreira (San Paio)
 - Concello:** Ribeira
 - Provincia:** A Coruña
- **INFORMANTE**
 - Nome:** D. Alejandro. Cura de Frións.
 - Data de nacemento:** 1936 (62 anos)
- **RECOLLEDOR/A:** Rosa García-Orellán
- **COMPILADORA:** Rosa García-Orellán
- **COLECCIÓN:** Rosa García-Orellán

NOTA DOS EDITORES

A presente entrevista forma parte das efectuadas pola antropóloga Dra. Rosa García Orellán como parte do traballo de campo da súa tese de doutoramento. As entrevistas foron estudadas e empregadas na elaboración de dito traballo pero este material pode ser analizado en moitos outros contextos. A Dra. García Orellán cedeu as súas gravacións orixinais en casete e as transcripcións que ela mesma fixera do seu contido ao APOI para que poidan ser compartidas con outras persoas interesadas.

CONTEXTO

Nota da recolla achegada pola compiladora: No funeral de Xenuca, en Carreira, dinme que é interesante de que fale co cura de Frións Don Alejandro. Son as oito da tarde, cando estou en Frións preguntando polo cura e dirixíndome a súa capela. El, estaba sentado na porta cunha muller, ten uns setenta anos. Así que pronto me dou conta que este cura non é o vello con que eu quero falar, pero diríxome a el. Imos á sancristía, eu preséntome dicindo que estou traballando para unha tese de antropoloxía do tema da morte, abarcando dende historias de vida, no seu contexto de globalidade individual e así encóntrome con persoas que teñen albiscado outras: uns ven a Santa Compañía, outros teñen unha relación moi directa



sobre todo se son mulleres, xa que son as que máis participan no culto dos mortos da súa familia.



Museo
do Pobo
Galego

TEMÁTICA DA ENTREVISTA

A primeira parte da entrevista trata sobre a visión do culto á morte dende a perspectiva do sacerdote. E na segunda, fálase da muller como eixo central do culto aos defuntos.



instituto de
estudos das
identidades

NOTAS SOBRE A TRANSCRICIÓN DO TEXTO

A transcripción foi realizada pola compiladora e revisada polo persoal do APOI. Respectouse a pronuncia da persoa e as palabras e expresións coloquiais transcribíronse tal e como foron ditas.

BIBLIOGRAFÍA

GARCÍA ORELLÁN, Rosa (2001): *Hacia el encuentro de mi antrophos: la muerte dinamo estructural de la vida*. Bilbao. Ed. Universidad del País Vasco

PALABRAS CHAVE

Cemiterio cementerio velorio velatorio mortos defuntos misas muller mulleres matriarcado sacerdote cura

TRANSCRICIÓN

VISIÓN DO CULTO Á MORTE DENDE A PERSPECTIVA DUN SACERDOTE

Don Alejandro: *Eso* quere dicir que o culto aos mortos en Galiza é algo que todo o mundo coñece, non? E que practicamente hai, pois, poucas distincións dunhas parroquias a outras. Nesta zona nosa, é case igual o culto que ten a xente. A cuestión da Compañía penso que actualmente non se fala dela xa, é posible que antes se falase máis, non? Eu teño oído a algúns vellos que si que falaban da Compañía e desas cousas todas... Despois, xa che digo que... parécenme excesivas algunhas cousas, como *te* dicía antes, a visita aos *cemeterios* que é un pouco *exagerada*.

Rosa: E aínda hai actualmente?

A.: Actualmente si. Actualmente hai xente que visita o *cemeterio* tódolos días da vida...

R.: É xente nova ou xente maior?

A.: É xente maior, toda.

R.: E xente nova, de corenta anos ou así...?

A.: Si, é maior de corenta anos. Despois hai tamén... pero é *general*, eh.

R.: E son máis ben homes ou mulleres?

A.: Máis ben mulleres, a maioría son mulleres. Pero tamén hai xente, algunha nova, que claro, si por exemplo a vítima, o defunto ou a defunta é unha persoa nova... quero dicir, moi nova, un rapas por exemplo, pois os pais son novos tamén. E tamén hai xente desta que si, que penso que é demasiado xa... as visitas que fan ao *cemeterio*. Aí hai, eu que sei. Aí hai algo... Algo na xente que se ve xa de maneira externa, non? Vémolos cubertas de loito, vestidas de negro, co pano na cabeza que antes se levaba e agora xa practicamente desapareceu... Pero vamos dando a misa onde se ve o máis facilmente, pois é... nas misas a maioría de xente está vestida de negro. Claro está que é xente maior. Agora na xente nova, pois *eso* xa se vai perdendo. O loito, o loito polos defuntos xa se vai perdendo.

R.: Pero o ano do loito aínda o poñen? Cando é moi directo... En xente...

A.: Si, a maioría si.

R.: En xente nova?

A.: O loito si. O loito pono incluso pola murmura da xente, pois se non o leva... que é unha *costumbre*. Pero decaeu moitísimo. Coido que de vinte anos para acá, incluso levaban o seu loito, se poñía polos tíos. Polos tíos se poñía, recordo. Aquí, nesta parroquia.



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades



R.: Si, eu tamén recordo, si. Da zona de Olveira que a xente tiña polos tíos ou polos primos, e por todo...

A.: Pero *eso* desapareceu. O que se conserva moito é o *respeto*, o culto ese... o culto aos mortos en *general*. *Eso respétase* moito. *Respétanse* por exemplo os cemiterios. Gústalle moito que estean adornados. Lévanlle flores constantemente. A cantidade que se gasta en flores é tremenda. Tremenda... Non só pos defuntos, polos santos e defuntos, senón tamén a través do ano. A través do ano. Hai sepulturas ou nichos, como lle queiras chamar, que se cadra teñen a cinco, seis, e teño contado hasta oito centros. Centros. Que xa... paréceme a verdadeira *exageración eso*. E *despois Dios* nos libre que se lle toquen esa cousa dos... que se lle toque, que se lle moleste, porque se *sinten* moi feridos. Moi feridos. E hai que ter moitísima táctica, moitísimo tacto para, por exemplo, pois *adecentar* os atrios. Os atrios... hai moitos sitios que ata sepulturan os atrios. *Entonces* trátase de retirar as *cenizas* dos atrios e levalas pr'os *cemeterios* e quitalas d'alí, non? E aceptalo, pra aceptalo, pra poñelo...

R.: O atrio que é? A entrada?

A.: Si, claro, *eso* costa moitísimo traballo. A min custoume, por exemplo, ou visitar casa por casa, casa por casa... e meten recomendacións. Familiares... A ver si se sacaba. Quedaba algún. *Bueno*, a algúns custoulle moitísimo. Eu sei tamén doutros sitios, de verdadeiros problemas que houbo cos curas. Teñen problemas cos curas. Precisamente nos atrios, para sacar dos atrios... É o *cemeterio* no que se fai (?). Aí en Boiro, pois *tuvo* que intervir a *Sanidá* para sacalos do atrio e levalos pro *cemeterio*. Estaba cheo de sepulcros. Era imposible de sacar. Non sei se actualmente teñen problemas. *Ahora* xa o párroco, pois xa non quere saber nada... E unhas familias, pois... algunhas moi ben. Hai as dúas partes. Algunhas pois trataron de sacar, e sacárona, non? As *cenizas*. E levalas pro *cemeterio* novo. E outras, pois opuxéronse de maneira violenta. E quero dicir que aquí non houbo problema, pero foi levada a cousa con moito... *despacio*, con moita táctica, con moito pedir, moito rogar, e valéndose de moitas persoas.

R.: En que ano era iso, aproximadamente?

A.: *Eso* hai moi pouco, aínda *habrá*... cando se fixo o *cemeterio* novo, e *habrá*... pois do 85 pa acá. *Ochenta* ou ochent'e cinco pa acá. E *bueno*, quero dicir que en *eso* hai que ter moitísima táctica, e os problemas que teñen os párrocos precisamente... Moitos problemas, os peores problemas veñen dos *cemeterios*. Veñen por esa *exagerada*... *exagerado* culto que lle teñen aos mortos, non se lle poden tocar. Non se lle pode tocar... E que máis queres que che diga, en canto á Campaña xa dixen que hoxe non creo que *personas*... a maioría de personas non pensan nela, non cren nela. As *señales* que *dices* ti, das que falas ti, que hai *señales*... eu teño oído de xente que si, eu non *tuven* ningunha desde logo... Non me apareceu nunca nada, e eu non creo absolutamente en nada *deso*. E creo que a maioría de xente hoxe non... Das sinais, home... Hai tamén unha cousa, eu que sei... *Eso* terían que *averiguar* moito e estudar moito os psicólogos e os... eu que sei, os técnicos e os científicos... Esas cousas que hai, que está moito por descubrir, non? Pode ser unha cousa natural...

R.: Unha cousa mesmo de telepatía.



A.: Si, de telepatía, vai ti a saber... A min morréronme pais, morréronme irmáns de accidente e eu non *tuven* nada. Pero pode ser *eso*, é posible... Non hai ningunha... porque o noso cerebro está, a nosa mente, *sin* descubrir, non? *Entonces*, quen sabe se non... Non se pode meter aí un. Aí a ciencia pode descubrir algo, non? Pero eu repito que non. E nin a xente non... practicamente non fala... Algo si, algo fala sobre *eso*. E que máis que che quero dicir, que si *tu* vives por aquí e ves por aquí, xa te das conta da cousa.

R.: Adoitan vir aquí a onde o sacerdote a pedir a intersección de...? Pois por exemplo si ten a Santa Compañía, ou o que sexa... Pois por exemplo para pedir axuda aos... á Igrexa?

A.: Si, si. Si, *bueno*, si. Piden moitas veces, piden misas para un motivo que realmente non é moi ortodoxo, entendes? Que *tuvo* como unha aparición, ou que *tuvo* un tal... Ou o que *sea*. Ou que *tuvo* un soño que lle parece que se lle apareceu unha persoa da familia pedíndolle. *Bueno*, non pedíndolle, senón que lle molesta aquelas cousas que ten, aqueles soños que ten. “Voulle dar unha misa pra ver si desaparece ese soño que teño”. Cousas así parecidas. E *deso* si, *bueno*, a misa... por desgracia, a maioría das misas que queren que se celebren son polos *difuntos*. Nin son pola paz, nin son pola liberdade, nin son para pedir máis xustiza no mundo, non. Non se piden así as misas, nese sentido. As misas ao final miran polos defuntos. (?) Pola Acción de Gracias, ou polo que *sea*. E tantas necesidades que hai no mundo... *Entonces* o ritual ten unha serie de intencións de misas por tantas cousas, non? E o único que che piden son as misas polos defuntos... *Entonces* eu de vez en cando, por exemplo, dou algunha misas, pois... “Vamos aplicar estas misas pola paz”. Pedindo, ou unha Acción de Gracias por *esto*... Ou en fin, ou outra cousa tamén. Polos defuntos, si, pero ha de ser polos seus, non? Pois o *nombre* tamén, o *nombre* particular... gústalle pedir o *nombre*.

R.: Na misa, que nomeen o nome do defunto? Iso é moi importante pra eles?

A.: Que *nombren* a persoa. Cóstalle moito traballo que haxa unha misa aplicada por varios defuntos. *Eso* cóstalle moi traballo... É individualismo *exagerado* nese sentido. Pouco espírito de *comunidadá*.

A MULLER EIXO DO CULTO AOS DEFUNTOS

R.: E sobre todo son as mulleres as que están en todo isto, non?

A.: Si, si, si. As mulleres, claro. As mulleres si. Os homes van cas mulleres. Porque como sabes ti, quen manda aquí son as mulleres. Non sei noutros sitios... pero aquí realmente pois, o home di que é o *jefe* de casa e quen manda, pero quen manda é a muller. *Entonces* neste aspecto tamén quen manda é a muller. Quen pide as misas é a muller. Quen ordena todo. Realmente é quen ordena todo, e quen manda. E neste sitio de culto aos defuntos, quen manda é a muller. Se hai que limpar, se hai que facer un panteón... Todo *eso*.

R.: E tamén... Perdón, é a súa hora?



A.: Teño que deixarte.

R.: Si, moitas grazas, eh.



**Museo
do Pobo
Galego**

[Nese momento eran ás 8:35 e o cura tiña que dar misa. A xente estaba esperando dende ás 8:30, e eles estaban na sancristía.]



**instituto de
estudos das
identidades**